


## RECURSOS HUMANOS



**Tít. orixinal:** *Ressources Humaine*

**Ano:** 1999

**Duración:** 100 min.

**País:** Francia

**Dirección:** Laurent Cantet

**Guión:** Laurent Cantet, Gilles Marchand

**Fotografía:** Matthieu Poirot-Delpech

**Reparto:** Jalil Lespert, Jean-Claude Vallod, Chantal Barré, Véronique de Pandelaère, Michel Begnez, Lucien Lonqueville

**Productora:** coproducción Francia-Gran Bretaña

**Xénero:** Drama

*Non recomendada para menores de 7 anos*

**Sinopse:** Narra a historia dun mozo acabado de licenciar na universidade, que é contratado no departamento de Recursos Humanos dunha fábrica na campaña francesa como pasante. Está cheo de ilusión e inxenuidade, e cre que os seus esforzos servirán para achegar as

posturas entre os sindicatos e a dirección con respecto á xornada laboral, pero co tempo descubrirá que o seu traballo enmárcase nunha reestruturación da empresa, e que varios empregados quedaranse na rúa.

## **Recursos humanos** por Guillermo Ravaschino

(<http://www.cineismo.com>)



Inscrita dentro da vertente realista desa tendencia que se coñece como “novo cine social francés”, a ópera prima de Laurent Cantet posa a súa mirada sobre uns cantos temas candentes da actualidade mundial: a humillación laboral, a degradación social e a desocupación, esa espada de Damocles que pende sobre cada vez máis xente de tódalas clases. Tamén se ocupa das relacións familiares, anque en menor medida (ou con menor profundidade) do que por aí se ten dito.

Sólido guión mediante, *Recursos humanos* encara estas cuestións no ámbito laboral, a partir dunha mediana empresa metalúrxica de provincias, en cuxo departamento de Recursos Humanos ingresa Franck, o noso protagonista, en condición de pasante. Este é un mozo que regresa de París listo para aplicar en dita compañía os coñecementos que mamou na universidade. Da que regresou provisto de orgullo e empurre, pero tamén – e isto é notable – dunha enorme inxenuidade. Que o mundo laboral real, coa brutal explotación do home polo home que o caracteriza, encargárase de derrubar co avance da metraxa.

Nesa mesma fábrica traballa o pai de Franck, un operario submisivo que xa cumpriu tres décadas apertando as mesmas torcas ó longo de oito horas diarias, coa conseguinte merma na súa dignidade. Da man do mellor realismo (rigor narrativo, exposición visual, poucas palabras), a película da conta da inhumanidade esencial que acompaña a este tipo de rutinas laborais. A cuestión é que Franck arrinca facendo boa letra coa patronal, que parece valorar os seus “méritos” dándolle vía libre para que organice unha enquisa para que os operarios se pronuncien a favor ou na contra dun

controvertido e enganoso réxime: as 35 horas de traballo semanais que discuten o goberno e os sindicatos franceses. A comisión interna, encabezada por unha combativa delegada comunista, empézo a mirar mal. Algo máis tarde os despidos, que estaban encubertos baixo a "democrática" iniciativa da empresa, farán estragos. E non soamente na empresa, senón na familia do protagonista.



Franck é calquera cousa menos un superheroe. Comeza "póndose a camiseta" da empresa coa aniñada - pero honesta - idea de que será en ben da comunidade laboral. Pero os feitos amósanlle que os intereses de patróns e empregados son moito máis irreconciliables do que supuxo nos claustros.

Carreirismo xerencial mediante, a engrenaxe empresarial comeza a roubarlle méritos ante o directorio. Pouco despois, averigua as reais intencións que escondía a amañada enquisa: baixar custes caía quen caía... o que inclúe a obreiros submisos como o seu propio pai. A evolución de Frank procésase sen presa nin pausa (será inxenuo, pero non é parvo nin corrupto), e do mesmo xeito crece a tensión dramática.

Como quen non quere a cousa - é dicir, dun modo natural - *Recursos humanos* fai foco sobre certas cuestións claves da política obreira. Deixa ao descuberto que non importa tanto o que se consulta como quen consulta, e como. Amosa que cada obreiro polo seu lado, completando un múltiple *choice* debuxado pola empresa, non equivale á democracia sindical. Expón as inacabables artimañas que a clase dominante emprega para enganar aos traballadores. E sobre todo, traza unha radiografía moi precisa da brutalidade e a violencia que os cada vez máis *elegantes* métodos das corporacións se esforzan por disimular. Como no mundo, o desenvolvemento destas contradicións conduce á polarización das clases. O mérito de Cantet, neste punto, non é pechar a historia cun broche senón deixala tan aberta e inconclusa como o está a situación social real.